



CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 3 de marzo de 2016, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 1º bimestre de 2016, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de marzo e o 15 de maio de 2016.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 4 de marzo de 2016.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0688

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría/Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: (EXP.009-SERV15-ter-)

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Servizo integral de recollida e aloxamento de animais domésticos abandonados dentro do termo municipal do Concello de Monforte de Lemos.
- b. Prazo de duración: 3 anos.
- c. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 4 anos.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a. Orzamento neto: 6.000,00.-€/ano (IVE excluído).

- b. 1.260,00.-€ (IVE 21%).
- c. Total.- 7.260,00.-€ (IVE engadido).

5. FORMALIZACIÓN

- a. Data adxudicación: 22.02.2016
- b. Contratista: D^a. M^a. Ángeles Parada Suárez (Albergue "O Cuco").
- c. Importe neto: 6.000,00.-€. IVE (21%): 1.260,00.-€. Importe total: 7.260,00.-€.
- d. Formalización: 01.03.2016.

Monforte de Lemos, 8 de marzo de 2016.-O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0689

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 9 de marzo de 2016, icíouse expediente de investigación para determinar a existencia e titularidade do camiño público non catastrado que, desviándose ao leste dende o camiño con referencia catastral 27039A097090040000GR, discurre sobre a parcela 10006 do polígono 97 no seu linde norte coa parcela 10.000, e que continúa a través da parcela 141 até conectar, polo leste, co camiño público con referencia catastral 27039A097090070000GI.

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación diporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conveniente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

En Outeiro de Rei, a 9 de marzo de 2016.- O Alcalde, José Pardo Lombao

R. 0690

PARADELA

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza da administración electrónica do Concello de Paradelas adoptado en data 28 de xaneiro de 2016, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PARADELA

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta ordenanza será de aplicación ao Concello e ás entidades de dereito público vinculadas o dependentes deste, e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

CAPÍTULO II. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Neste sentido, os cidadáns interesados en realizar a presentación de solicitudes no rexistro electrónico poderán utilizar algún dos sistemas de identificación electrónica:

- a) En todo caso, o DNI electrónico.